

<b>N. Expediente</b>	253/2019
<b>Asunto</b>	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE CÁMBADOS
<b>Trámite</b>	MEMORIA XUSTIFICATIVA E INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS DO SERVIZO PROMOTOR DO CONTRATO
<b>Área</b>	CONCELLERÍA DE CULTURA

## MEMORIA XUSTIFICATIVA E INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

### 1.- INTRODUCCIÓN

O Concello de Cambados ven mantendo unha política de promoción das ensinanzas de música que entronca coa existencia dunha longa tradición histórica de agrupacións e institucións neste Concello. Así no 1992 creouse a Escola Municipal de Música en Castrelo, ao abeiro e como continuidade da tradición formativa da Banda de Música de Castrelo. No ano 2002 a Escola Municipal de Música reformulouse completamente pasando a ser xestionada directamente polo Concello e trasladándose a súa actividade principal ao inmoible sito no Auditorio da Xuventude, no centro da vila. A consecuencia disto, a Escola Municipal multiplicou notablemente a súa oferta de especialidades instrumentais, ampliando igualmente o número de prazas ofertadas e o claustro docente. En outubro de 2004, continuando nesta liña de apoio e impulso das ensinanzas de música, inaugurouse o Conservatorio Elemental de Música, co que se inicia a impartición de ensinanzas regradas do grao elemental, ampliándose novamente a oferta de prazas e especialidades e dotándose o conservatorio dos órganos de xestión que lle son propios. No momento actual ámbalas dúas institucións, Escola Municipal e Conservatorio, teñen afianzado a súa presenza dentro da oferta formativa de Cambados, sendo vontade firme do Concello que esta oferta se manteña e se mellore no que sexa posible.

A experiencia acumulada nos anos transcorridos desde a recreación da Escola Municipal de Música, na súa nova sé, así como da existencia do Conservatorio Elemental na mesma ubicación, xunto coa observación doutras experiencias homólogas no noso entorno, permite soste que a miúdo as ferramentas de xestión pública aplicadas nestas institucións poden obter resultados máis eficientes nos obxectivos que se procuran, cando se complementan desde o ámbito da xestión delegada. Precisamente co ánimo de garantir a permanencia destas institucións, e das condicións nas que proporcionan o seu servizo, mantendo e mellorando aínda no posible a calidade que veñen ofrecendo, é polo que veñen sendo xestionadas en réxime de prestación de servizo, garantindo desde a titularidade do Concello, a calidade e eficacia do servizo prestado.

### 2.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de "XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE CÁMBADOS" cuxa codificación é CPV: 80000000-4 "Servizos de ensinanza e formación".

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector

Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

### 3.- MARCO COMPETENCIAL

Dentro do marco competencial do artigo 25.2. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Cambados fomenta a formación musical, a través do Conservatorio Elemental e Escola Municipal de Música, dirixida a toda a veciñanza en xeral, pero prestando especial atención á infancia, descubrindo e orientando vocacións e aptitudes musicais.

O Conservatorio Elemental e Escola Municipal de Música concíbense como un Centro de ensinos musicais cunha dobre vertente:

- a) Ensinos musicais non regrados.
- b) Ensino de música regrada de Ensinos Elementais que ten como obxectivo obter o certificado dos Ensinos elementais de música, e preparar ao alumnado para a súa continuidade nos Ensinos Profesionais.

### 4. NECESIDADE DE ACUDIR Á CONTRATACIÓN.

O Conservatorio Elemental e Escola Municipal ten como finalidade o fomento da formación musical desde o ámbito lúdico ao profesional e prestarase atendendo á seguinte regulación:

1. Ensinanzas Elementais de Música: de acordo coa regulación establecida no Decreto 198/2007, de 29 de setembro da Consellería de Educación e OU polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial da música, e demais normativas de desenvolvemento.
2. Ensinanzas da Escola de Música: de acordo co establecido na Orde de 11 de marzo de 1993, da Consellería de Educación e OU pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consideración a esta circunstancia, tendo en conta a especialidade da materia e a inexistencia de persoal nesta administración que exerza ditas funcións, de conformidade co disposto nos artigos 63.3.a) e 116.4. f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), existe xustificación de insuficiencia de medios propios que permitan a prestación do servizo pola propia Administración, resultando preciso acudir á contratación externa do mesmo.

### 5. ANÁLISE ECONÓMICA.

#### a) Valor estimado:

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 658.721,37 € euros (exento de IVE).

Este valor fíxose de conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP, incluíndo os

custes salariais estimados de conformidade coa documentación sobre o persoal a subrogar achegada pola empresa que actualmente desenvolve o servizo e os datos aportados pola mesma sobre a actualización dos salarios de acordo cos convenios laborais que resultan de aplicación, incrementado nunha cantidade alzada para atender aos gastos xerais e unha porcentaxe sobre o total para atender o beneficio industrial do contratista.

**b) Orzamento base de licitación:**

O orzamento de gasto máximo anual (segundo calendario lectivo) que se prevé para o contrato ascende á cantidade de 193.741,58 € euros (exento de IVE), sen que, en ningún caso, poida exceder do importe citado.

A actividade obxecto de contratación está exenta de IVE de acordo co artigo 20.1) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

**c) Viabilidade:**

Considerando o valor estimado do contrato e tendo en conta que o seu custo está orzado e o seu financiamento realízase a través dos recursos propios do Concello sen necesidade de acudir a operacións de crédito, o presente contrato pódese realizar sen comprometer as principais variables financeiras da Corporación.

**d) Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira:**

Considerando a incidencia de calquera tipo de contratación sobre os gastos e ingresos da entidade, é necesario, en cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

A este respecto e como se indicou no apartado relativo á viabilidade, ao non ser necesario acudir a operacións de crédito, o presente contrato pódese realizar sen comprometer as principais variables financeiras da Corporación non afectando por tanto á débeda financeira existente na Corporación e cumprindo o principio de prudencia financeira.

En relación coa débeda comercial, os compromisos de gasto xerados por esta contratación faranse cumprindo o período medio de pago a provedores tal e como se estivo realizando ata agora co resto dos compromisos de gasto.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, é a diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

Así mesmo, debe indicarse que o gasto previsto atópase recollido no orzamento aprobado para o exercicio 2018 e prorrogado para 2019, cumprindo o principio de estabilidade orzamentaria, tal e como consta no expediente de aprobación do Orzamento do exercicio 2018.

## 6. ANÁLISE DO PROCEDEMENTO.

**a) Xustificación do procedemento:**

O procedemento de adxudicación do contrato será o PROCEDEMENTO ABERTO,

quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

De acordo co disposto no artigo 119 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a contratación levarase a cabo mediante tramitación urxente, debido a necesidade de acelerar a adxudicación por razóns de interese público.

Actualmente o servizo estase a prestar pola empresa que resultou adxudicataria no último expediente de contratación tramitado e que cuxo prazo de duración rematou no mes de setembro de 2018. Consta escrito da empresa prestadora do servizo de data 03/01/2019 (2019-E-RC-45) comunicando ao Concello que non realizará a prestación do servizo mais alá do 01/03/2019.

Resulta polo tanto necesario proceder á adxudicación do contrato a maior brevidade posible, pois o contrario suporía a suspensión do curso escolar 2018-2019 co correspondente prexuízo para o alumnado e para esta Administración.

#### **b) Execución por lotes:**

NON existe división en lotes. A sustantividade propia da prestación non permite a súa execución de maneira separada

Ao tratarse dun servizo cuxa execución se fai a través dun único Proxecto de xestión, organizativa e educativa que deberá achegar o contratista, o servizo veríase distorsionado se as materias fosen divididas e impartidas seguindo proxectos de distintos contratistas.

#### **c) Duración:**

O prazo de duración do presente contrato será de catro anualidades -de 2019 a 2022- abrangendo catro cursos académicos a contar dende o curso 2018/2019 e rematando co curso 2021/2022, coincidentes no seu inicio e fin co calendario escolar publicado Consellería de Cultura, Educación e O.U., a excepción do inicio da prestación no curso 2018/2019 que comezará no momento de formalización do contrato.

O calendario das actividades lectivas tanto no Conservatorio Elemental como na Escola Municipal de Música será o que se publique para cada curso académico por Orde da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**